



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO *PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA Á PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025.*

REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, Don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 29 de novembro de 2019.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Goberno galego, a través da Estratexia Galicia Dixital 2030, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 3 de





decembro de 2020, ten entre os seus obxectivos acadar unha sociedade dixital e inclusiva, dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente, con confianza e seguridade no contexto dixital, así como fomentar a igualdade dixital mediante a redución da fenda de acceso a servizos dixitais promovendo unha rede de puntos físicos para o uso libre do equipamento tecnolóxico e a conectividade.

Trátase dunha estratexia aliñada coas prioridades no novo marco europeo, que busca situar a Galicia como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Segundo.- Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, que modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Así mesmo, de acordo co artigo 14.2 c) do Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, corresponde á persoa titular da Presidencia da Amtega, sen prexuízo das delegacións que, no seu caso, poidan acordarse subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da desconcentración establecida no artigo 5 do Decreto 252/2011, de 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Terceiro.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.

Cuarto.- Que o Consello da Xunta de Galicia adoptou, con data 25 de febreiro de 2010, o Acordo para a posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT).





En cumprimento das previsión recollidas no acordo mencionado, levouse a cabo a fase consistente na posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) coa finalidade de coordinar as actuacións das distintas aulas públicas de acceso a internet dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a acadar a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da Sociedade da Información e que permitiu que actualmente a Rede teña presenza en 91 municipios pertencentes a 52 comarcas.

Quinto.- Que unha vez rematada a fase de posta en marcha da Rede CeMIT e acadados a totalidade dos obxectivos perseguidos, desenvolveuse unha segunda fase de definición e posta en marcha do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, no que a Rede CeMIT foi o instrumento clave que permitiu levar a cabo as accións establecidas neste Plan ao longo de toda a xeografía galega.

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia, aprobado o día 21 de abril de 2016 en Consello de Xunta, asumiu o desafío establecido na Axenda Dixital de Galicia 2020 de avanzar da "alfabetización á autonomía dixital" impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integrou as accións para a alfabetización dixital con outras que permitiron a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atopase, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara á innovación social dixital.

A esta liña de traballo dásele continuidade no eixe estratéxico "Sociedade Dixital e Inclusiva" da nova Estratexia Galicia Dixital 2030 (en diante EGD 2030), liderada pola Amtega e aprobada no Consello de Xunta de Galicia o 3 de decembro de 2020, que establece entre os seus obxectivos acadar unha sociedade dixital e inclusiva e inclúe, entre outros, programas que facilitan a adquisición de competencias dixitais pola cidadanía para non deixar a ninguén atrás.

Ata día de hoxe, e con todas as medidas de inclusión dixital articuladas a través da Rede CeMIT con destino a toda a sociedade galega, con especial atención naqueles colectivos tradicionalmente en risco de exclusión dixital por considerarse máis vulnerables á fenda dixital, logrouse:

- Fomentar a autonomía persoal, o envellecemento activo e a seguridade e confianza na rede mediante o uso das TIC para vertebrar e cohesionar socialmente as contornas locais, e en especial as zonas rurais respecto ás urbanas, aumentar a accesibilidade a Internet, avanzar na alfabetización dixital, diminuír a fenda dixital de xénero e





mellorar a empregabilidade e aumentar a calidade de vida da cidadanía.

- Promover os coñecementos e competencias dixitais para fomentar a empregabilidade dos cidadáns, grazas ao uso das TIC e promocionar a aprendizaxe permanente.
- Impulsar a promoción da innovación social dixital, a través da colaboración e participación da cidadanía, innovadores e comunidades, para xerar emprego local e novas oportunidades para emprendedores/as locais, vencelladas á innovación social dixital.

Sexto.- Que desde 2014 a Amtega e a FEGAMP veñen colaborando para a consecución destes fins a través da sinatura de convenios, o ultimo dos cales, o *"Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión da subvención e para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local"* asinouse o 5 de febreiro de 2019 e foi modificado a través das addendas correspondentes o 20 de decembro de 2019, o 30 de decembro de 2020, e o 28 de decembro de 2021.

Con base a este Convenio, con vixencia ata o 31/12/2022, na data do 24 de marzo de 2022 o Consello da Xunta de Galicia acordou autorizar a concesión de subvencións a 65 entidades locais con aulas consideradas de referencia, con base nos artigos 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36 e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. E o 23 de maio de 2022, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia emitiu unha resolución pola que se conceden subvencións ás 64 entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñen a consideración de aulas de referencia para o exercicio 2022.

Estes acordos teñen por obxecto regular a colaboración entre estas institucións para a xestión da subvención concedida ás entidades locais que contén con aulas consideradas de referencia da Rede CeMIT polo seu maior nivel de actividade formativa en alfabetización e capacitación dixital:-

O artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, contempla que *"Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, lles entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio"*.





No apartado 3. dispónse que a *Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas e as corporacións locais* poderán actuar como entidades colaboradoras das subvencións concedidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou os seus organismos públicos e demais entes que teñan que axustar a súa actividade ao dereito público. De igual forma e nos mesmos termos, a Comunidade Autónoma e os seus organismos públicos poderán actuar como entidades colaboradoras respecto das subvencións concedidas pola Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas e as corporacións locais.

Neste contexto, a Federación Galega de Municipios e Provincias, dentro do seu ámbito de competencias, está chamada a continuar desenvolvendo un papel fundamental, servindo de canle de comunicación entre as distintas entidades locais de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e para o desenvolvemento de actuacións en materia de inclusión e talento dixital.

Sétimo.- Que cos avances realizados nos últimos anos no eido da alfabetización e capacitación dixital, permitiuse dar unha reposta áxil durante a crise sanitaria provocada pola COVID-19 e acelerouse a transición a unha sociedade máis dixital, polo que é preciso seguir traballando conxuntamente no eido da inclusión dixital para asegurar que toda a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital.

Á liña de traballo iniciada a través da Rede CeMIT, daráselle continuidade e potenciarase cunha modernización da Rede CeMIT e os seus servizos, apoiados no Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025 aprobado polo Consello de Xunta o 23 de decembro de 2021.

Este Plan complementábase con iniciativas reguladoras coma o Decreto 123/2021 do 2 de setembro, polo que —trala aprobación da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia—, se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais. Á súa vez, este plan de reforma, a EGD 2030 e as devanditas liñas reguladoras converxen na construción do marco propicio para acadar o obxectivo marcado polo Compoñente 19.11 Competencias Dixitais Transversais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, que outorga fondos para formar en Galicia a 45.790 persoas ata 2025 con cursos de polo menos 10 ECTS (Sistema Europeo de Transferencia de Créditos), que implican 250 horas de traballo por persoa. A Rede CeMIT, como espazo no





que conflúen os esforzos da Administración autonómica, da Fegamp e das entidades locais, constitúe un entramado de recursos fundamental para a consecución deste obxectivo.

Oitavo.- Que o *Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da cidadanía galega* inclúe as seguintes medidas de actuación para os anos 2022-2025:

- **Dotación tecnolóxica punteira.** O Plan contempla a dotación de material tecnolóxico punteiro ás aulas (equipos All-in-one, complementos inclusivos para persoas con discapacidade, impresoras 3D, kits de robótica e drons, gafas de realidade virtual, tablets, kits de placas de comunicación e programación...) para acadar unha experiencia formativa plena por parte da cidadanía.
- **Reforma das aulas.** A segunda medida céntrase na transformación física e mesmo arquitectónica dos centros CeMIT, facéndoo máis flexibles e permitindo novos usos acordes coas últimas tendencias didácticas e tecnolóxicas.
- **Formación adaptada ao marco galego e europeo.** A terceira medida incide na potenciación da formación, reforzando os recursos formativos e humanos dos centros para permitir a acreditación en competencias dixitais regulada polo Marco Galego de Competencias Dixitais.
- **Aula móbil.** A cuarta medida céntrase en intensificar a presenza no rural a través dun servizo de aula móbil permitindo achegar a capacitación dixital a todos os puntos da xeografía galega.
- **Servizos dixitais.** A quinta medida reforza os servizos dixitais (os espazos web do proxecto, a plataforma formativa online...) e o seu soporte e mantemento, como medida transversal para contribuír ao fortalecemento de todas as liñas de actuación.

Para garantir o éxito do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025 será fundamental contar coa implicación e participación activa tanto das entidades locais de Galicia coma da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Noveno.- Que con base nas consideracións anteriores, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias acordan subscribir o presente Convenio que se rexerá polas seguintes cláusulas:





CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do *Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025*. En virtude deste convenio, esta colaboración desenvolverase nos seguintes ámbitos:

- A Fegamp actuará como entidade colaboradora na xestión das subvencións concedidas ás entidades locais que teñan aulas de referencia da Rede CeMIT por cumprir os requirimentos descritos na cláusula segunda, no apartado 1. Niveis de actividade para ser aula de referencia.
- A Fegamp asistirá e colaborará na incorporación das entidades locais ao Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT durante o seu período de vixencia (2022-2025), a través da recepción e comprobación das solicitudes.
- A Fegamp colaborará na incorporación de novas aulas á Rede CeMIT e na determinación dos criterios de incorporación de novas aulas. En todo caso deberá atenderse ao Anexo 1 deste documento.

Este convenio enmárcase dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

Segunda.- Xestión da subvención de aulas de referencia

O presente Convenio de colaboración ten entre os seus obxectivos o de xestionar a subvención concedida ás entidades locais que teñan aulas de referencia co fin de desenvolver actuacións en materia de inclusión e talento dixital que se realicen nas aulas que integran a Rede CeMIT durante a vixencia do Convenio.





O importe máximo subvencionable establececese no apartado 3 da presente cláusula deste convenio. Para a xestión da subvención establécense os seguintes puntos:

1. Niveis de actividade e proceso para ser aula de referencia

O recoñecemento da condición de aulas de referencia fundaméntase nas aulas que integran a Rede CeMIT e que acreditan que no ano inmediatamente anterior mantiveron uns elevados niveis de actividade. Esta actividade no ano inmediatamente anterior considerarase no período de 12 meses que vai desde o 1 de decembro de dous anos antes ata o 30 de novembro do ano inmediatamente anterior, e que se incardina nalgún dos seguintes supostos:

- a) *No caso dos municipios de 5.000 ou máis habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado ata o 30 de novembro, igual ou superior a 500 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo *cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).
- b) *No caso dos municipios de menos de 5.000 habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado antes do 30 de novembro, igual ou superior a 250 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo *cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).

Tras a posta en marcha do Marco Galego de Competencias Dixitais, a actividade das aulas deberá incluír formación que conduza á certificación en competencias dixitais.

A efectos de avaliación do nivel de actividade da aula de referencia, XEA configúrase como a ferramenta de xestión da Rede CeMIT, na que obrigatoriamente se deben rexistrar as actividades planificadas e realizadas nas aulas (*cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames, actividades externas e, na medida en que a ferramenta o permita, a formación relacionada co Marco Galego de Competencias Dixitais*) así como os usuarios/as de cada unha das actividades. Teranse en conta, exclusivamente, as actuacións cunha





asistencia mínima de 3 participantes que acaden un nivel mínimo de asistencia do 80%. E no caso das titorías e prácticas de reforzo será suficiente 1 participante.

A aquelas entidades locais que teñan a consideración de aula de referencia en base ao punto Sexto do Expoñendo do presente Convenio e teñan cumprido có deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio se lles concederá unha subvención, mediante resolución anual emitida pola Dirección da Amtega e previa presentación das seguintes declaracións responsables:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda, cada ano, unha vez que a Amtega revise os niveis de actividade das aulas CeMIT e tras a identificación das aulas que cumpren os requirimentos para ser consideradas aulas de referencia por parte da Comisión de Seguimento, solicitarase ás entidades locais que presenten o modelo de solicitude detallado no Anexo 2 do presente Convenio no caso de estar interesadas en ser aula de referencia. A Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia publicará e manterá actualizada a relación de aulas CeMIT que teñan a consideración de aulas de referencia.

A consideración de aula de referencia establecerase por resolución da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a proposta da Comisión de Seguimento prevista neste convenio.

Contra a resolución anterior, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,





do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 2 meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto no artigo 46 en relación co 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan utilizar calquera outro que estimen pertinente e oportuno.

As entidades locais que obteñan a consideración de aula de referencia e non reciban subvención por non existir dispoñibilidade orzamentaria, pasarán a formar parte dunha lista de reserva. Esta lista terá unha orde de prelación, que virá determinada polo nivel de actividade acadado pola aula CeMIT segundo os datos que constan na aplicación de xestión (XEA). A lista de reserva actualízase cada ano segundo eses datos e previa solicitude das entidades locais.

Segundo a orde obtida na lista de reserva, concederáselle a subvención correspondente, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para estes efectos, unha vez que se comprobe que nese momento a entidade local segue a cumprir os requisitos esixidos para ter a consideración de aula de referencia.

2. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidativo respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do prazo do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano obxecto da subvención. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

As entidades locais poderán subcontratar a totalidade da actividade obxecto de consideración de aulas CeMIT de referencia deste Convenio.





Enténdese que unha entidade local subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto desta subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade local para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

Sen prexuízo do anterior, deberase aplicar o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. Importe máximo subvencionable para as aulas de referencia

O importe máximo subvencionable para cada unha das entidades locais que contén unha aula de referencia será o seguinte:

- Municipios de 5.000 ou máis habitantes: 15.000 €
- Municipios de menos de 5.000 habitantes: 7.251 €

1. Pagamento ás entidades locais con aula de referencia

Para proceder ao pagamento ás entidades locais con aula de referencia será necesaria a execución polo menos da actividade subvencionada e a presentación ante a Federación Galega de Municipios e provincias, tras a finalización de cada trimestre, da seguinte documentación xustificativa (segundo o Anexo 3):

- Solicitud de pagamento.
- Memoria de actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables durante a súa execución.
- Conta xustificativa na que se conteña:





- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada, o seguinte:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.

 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
-
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código de banco, código de sucursal, dígito control e código de conta corrente.
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
 - Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A FEGAMP remitirá á Amtega, nos primeiros quince días do trimestre seguinte ao vencido obxecto da xustificación, a documentación anterior para a súa revisión e comprobación por parte da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



O pagamento da FEGAMP ás entidades locais realizarase previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. A FEGAMP deberá remitir á Amtega os xustificantes bancarios coa acreditación efectiva do pagamento ás entidades locais.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia resérvase o dereito de solicitar ás entidades locais toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións vinculadas á xestión das aulas CeMIT de referencia obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Será requisito para a obtención da subvención que as entidades locais teñan cumprido có deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

En todo caso, as entidades locais terán a obriga de reintegrar os fondos percibidos en caso de inexecución da actividade subvencionada ou incumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións. Así mesmo, terán a obriga de facilitar toda a información que se lles requira pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Terceira.- Xestión da incorporación ao Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025

O Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT é unha iniciativa que procura acadar unha cidadanía cun ADN dixital e cunha base sólida e consistente para poder dar os pasos firmes e afrontar os novos retos da sociedade dixital a través da capacitación dixital da sociedade galega. Para logralo, incorpora as 5 medidas de actuación descritas no punto Oitavo do Expoñendo deste convenio. Con respecto a estas medidas, o Convenio focaliza a súa atención en tres liñas principais:





- a) Servizo de dotación de equipamento e reforma física das aulas CeMIT, que ten por obxectivo dotar de equipamento tecnolóxico punteiro e adaptado ás aulas CeMIT para un mellor e maior aproveitamento da experiencia formativa por parte da cidadanía e de acordo coas necesidades de renovación e transformación actuais. Incidindo nisto, a reforma física converterá as aulas en espazos máis flexibles, próximos á cidadanía e en liña coas últimas tendencias arquitectónicas, tecnolóxicas e pedagóxicas.

Esta transformación e a incorporación destes recursos atenderá ás diversas necesidades identificadas nas aulas, valorándose especialmente todos aqueles aspectos que maximicen a capacidade, versatilidade de usos e funcionalidade didáctica dos equipos, así como a integración no contorno da aula, a súa funcionalidade global e outras características concretas como a minimización do espazo ocupado polos equipos e complementos, o deseño estético das solucións e a transportabilidade e a manexabilidade dos elementos.

Así pois, as aulas pasarán a dispoñer de equipos All-in-one, pantalla interactiva, sistema de videoconferencia e audio, tablets, libros electrónicos, complementos audiovisuais con trípode con anel de luz, webcam e croma roll-up, impresora 3D, kit de robótica e drons, gafas de realidade virtual, kit de placas de comunicación e programación e complementos inclusivos para persoas con discapacidade de uso rotatorio por parte das aulas da Rede CeMIT. Todo este equipamento incluírase nunha aula reformada con novo mobiliario flexible (mesas, cadeiras, armarios, ...) adecuación de espazos horizontais e verticais (pintura, teitos, chan, iluminación, ...) etc.

- b) O servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía permitirá a acreditación en competencias dixitais por medio da participación de distintos axentes e entidades colaboradoras. Con este obxectivo, implementaranse medidas para reforzar os recursos didácticos e humanos cos que contan as aulas CeMIT que non son de referencia e complementarase tamén os recursos daquelas aulas CeMIT que ostentan esta condición.
- c) Servizo de aula móbil. Este servizo permitirá achegar a alfabetización e capacitación dixital ao rural a través da xestión integral dunha aula móbil itinerante da Rede CeMIT, ofrecendo especial atención aos





concellos rurais. Este servizo proporcionará actividades de sensibilización, capacitación e acompañamento personalizado presencial.

Para dar continuidade á labor da Rede CeMIT, a sinatura deste convenio, xunto coa entrega dos anexos correspondentes no prazo establecido na cláusula Octava, conferirá ás entidades locais beneficiarias a posibilidade de acceder ás liñas de desenvolvemento do Plan en virtude da situación de partida na que se atopan, tal e como se detalla na seguinte táboa:

SITUACIÓN DA EELL	SERVIZOS DISPOÑIBLES	COMPROMISOS ADQUIRIDOS
Entidades locais con aulas CeMIT consideradas de referencia (Ver Anexo 4)	a) Servizo de dotación de equipamento e reforma física das aulas CeMIT.	Cumprir os requisitos para a reforma por parte da EELL: <ul style="list-style-type: none">- Garantir que a aula:<ul style="list-style-type: none">o Está situada nun edificio de fácil acceso incluíndo adaptacións para persoas con algún tipo de minusvalía.o Conta con 40 m² ou máis, cunha parede de canto menos 6 metros de longo, cunha altura nos teitos de máis de 2,4 metros e cun sistema de ventilación e fiestras cara ó exterior.- Comprometerse a efectuar as xestións necesarias para emprender a reforma solicitada (tales como expedición de licenzas de obra, permisos de acceso e execución etc.).
	b) Servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía que incluírá acceso a ferramentas e contidos.	Garantir que os/as axentes dinamizadores se capaciten en competencias dixitais, seguindo a formación proporcionada pola Amtega, e que unha parte importante das actividades realizadas nas aulas se destinen á formación neste ámbito.
	c) Servizo de aula móbil.	Cumprir os requisitos para a concesión do servizo de aula móbil por parte da EELL, entregando: <ul style="list-style-type: none">- Un compromiso para facilitar a licenza de actividade da aula móbil nun prazo máximo de 7 días desde a asignación do calendario de actividades no concello.- Un compromiso para promocionar e captar o alumnado participante na aula móbil. En todo caso, as solicitudes deste servizo quedarán supeditadas a súa dispoñibilidade tralas solicitudes





	<p>efectuadas polas restantes entidades locais.</p> <p>Todos os servizos do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT (Servizo de dotación de equipamento e reforma física das aulas CeMIT, Servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía que incluíra acceso a ferramentas e contidos e Servizo de aula móbil)</p> <p>Compromisos xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asumir o mantemento do espazo físico da aula. - Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula. - Garantir a dinamización da aula coa realización de cursos, charlas etc, segundo o establecido na cláusula segunda apartado primeiro para manter a consideración de aula de referencia. - Garantir a posta a disposición da aula así como a presenza dun responsable desta para a realización de probas da certificación galega en competencias dixitais durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as así como na preparación e supervisión destes exames. - Velar por manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.
<p>Entidades locais con aulas CeMIT (que non son de referencia).</p> <p>(Ver Anexo 5)</p>	<p>a) Servizo de dotación de equipamento e reforma física das aulas CeMIT.</p> <p>Cumprir os requisitos para a reforma por parte da EELL:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantir que a aula: <ul style="list-style-type: none"> o Está situada nun edificio de fácil acceso incluíndo adaptacións para persoas con algún tipo de minusvalía. o Conta con 40 m² ou máis, cunha parede de canto menos 6 metros de longo, cunha altura nos teitos de máis de 2,4 metros e con sistema de ventilación e fiestras cara ó exterior. - Comprometerse a efectuar as xestións necesarias para emprender a reforma solicitada (tales como expedición de licenzas de obra, permisos de acceso e execución, etc.). <p>b) Servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía, a través de diferentes instrumentos.</p> <p>Poñer a aula a disposición para a realización dun mínimo de 10 horas ao mes de actividades formativas en competencias dixitais e a súa posterior acreditación.</p> <p>c) Servizo de aula móbil.</p> <p>Cumprir os requisitos para a concesión do servizo de aula móbil por parte da EELL, entregando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un compromiso para facilitar a licenza de actividade da aula móbil nun prazo máximo de 7 días





	<p>desde a asignación do calendario de actividades no concello.</p> <p>Un compromiso para promocionar e captar o alumnado participante na aula móbil.</p> <p>Todos os servizos do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT (Servizo de dotación de equipamento e reforma física das aulas CeMIT, Servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía que incluíra acceso a ferramentas e contidos e Servizo de aula móbil)</p> <p>Compromisos xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asumir o mantemento do espazo físico da aula. - Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula. - Garantir a dinamización da aula coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital. - Garantir a posta a disposición da aula así como a presenza dun responsable desta para a realización de probas da certificación galega en competencias dixitais durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as así como na preparación e supervisión destes exames. - Velar por manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.
<p>Entidades locais que non contan cunha aula CeMIT</p> <p>(Ver Anexo 6)</p>	<p>a) Servizo de aula móbil.</p> <p>Cumprir os requisitos para a concesión do servizo de aula móbil por parte da EELL, entregando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un compromiso para facilitar a licenza de actividade da aula móbil nun prazo máximo de 7 días desde a asignación do calendario de actividades no concello. - Un compromiso para promocionar e captar o alumnado participante na aula móbil. <p>Velar por manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.</p> <p>Na asignación deste servizo terán preferencia as entidades locais que solicitasen unha aula CeMIT e se atopen en lista de reserva.</p>

Cuarta.- Xestión da incorporación de novas aulas á Rede CeMIT.

Para a xestión do servizo de adhesión de novas aulas á Rede CeMIT habilitarase un procedemento de previa selección por concorrencia competitiva.





En todo caso deberase atender a unha convocatoria pública regulada de xeito posterior e independente a este convenio e ao cumprimento dos requisitos establecidos no Anexo 1 onde poderán consultarse tanto os criterios establecidos para o acceso das entidades locais interesadas neste servizo como os compromisos de obrigado cumprimento establecidos para tal fin. Se ben estes criterios e compromisos poderán ser complementados para adaptarse ás necesidades reais da Rede CeMIT no momento do lanzamento da convocatoria pública.

Quinta.- Obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. Para a xestión da subvención de aulas de referencia

- Realizar á Fegamp a achega económica prevista na cláusula Sétima do presente convenio, coa finalidade de que se proceda ao seu reparto entre as entidades locais que dispoñan dunha aula de referencia, conforme aos criterios fixados neste convenio.
- Comprobar o cumprimento e efectividade das actuacións, condicións e requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións descritas na cláusula Segunda deste convenio, así coma a revisión da documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determine a adxudicación da subvención.
- Confeccionar unha listaxe de reservas que inclúa as aulas que cumpran os requisitos para seren aulas de referencia, pero que non poidan optar por falta de dispoñibilidade orzamentaria.

2. Para a xestión da incorporación ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT





- Poñer en coñecemento da Fegamp o Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT e as súas condicións.
- Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para a participación das entidades locais nos servizos incluídos no Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT, descritos na Cláusula Terceira deste Convenio, así coma a revisión da documentación xustificativa que determine a recepción do servizo.
- Articular e divulgar o mecanismo formal de solicitude de participación no devandito plan.
- Elaborar un plan de implantación que inclúa calendario, prazos e o programa de formación asociada.
- Informar do plan de implantación ás entidades beneficiarias e executalo.
- Dotar ás aulas co equipamento tecnolóxico e as ferramentas requiridas para o seu funcionamento, así como proporcionarlles servizos de soporte, mantemento e liña de datos.
- Atender á reposición do equipamento cando sexa necesario.
- Atender aos criterios recollidos na cláusula Terceira deste Convenio para acometer a reforma das aulas CeMIT, acondicionando os espazos das aulas seguindo o modelo das aulas CeMIT e dotándoas do mobiliario requirido para transformalas en espazos flexibles e dinámicos.
- Definir os mecanismos de formación e acreditación do servizo de formación do Marco Galego de Competencias Dixitais.
- Proporcionar os contidos, as ferramentas e o asesoramento requiridos para a formación e as acreditacións outorgadas no seo deste Marco.
- Formar aos axentes TIC da Rede CeMIT para que poidan impartir a formación incluída neste Marco.
- Definir e divulgar os criterios e condicións do servizo de aula móbil descrito na cláusula Terceira deste convenio.
- Proporcionar o servizo de aula móbil.

3. Para a xestión da incorporación de novas aulas á Rede CeMIT.

- Definir e dar a coñecer os criterios de incorporación de novas aulas á Rede CeMIT.
- Definir e pór en marcha o procedemento administrativo de xestión da incorporación.





- Efectuar anualmente unha análise das solicitudes e do cumprimento dos requisitos para garantir a concorrencia aberta á concesión da aula.
- Colaborar coa FEGAMP para activar e incentivar a participación das entidades locais.

4. Para a xestión global do convenio:

- Desenvolver e impulsar as iniciativas enmarcadas nas liñas estratéxicas de acción da Xunta de Galicia en xeral e do Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT para permitir lograr os obxectivos de ambas estratexias.
- Impulsar e activar a participación plena de todos os axentes do ecosistema dixital (cidadanía, empresas, profesionais, asociacións, federacións, colexios profesionais, universidades, fundacións, centros tecnolóxicos de investigación, entidades de acción voluntaria, concellos e outras entidades locais...).
- Xestionar e coordinar as actividades destinadas a lograr a inclusión e a capacitación dixital de toda a cidadanía, con especial atención aos colectivos máis vulnerables á fenda dixital e impulsar o talento dixital agregando, xunto coa Fegamp os recursos necesarios para acadar esta capacitación.

Sexta.- Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

A Federación Galega de Municipios e Provincias colaborará activamente na consecución do Obxecto do presente convenio e, a tal fin, asume como obrigas as seguintes:

1. Para a xestión da subvención de aulas de referencia

- Transferir a contía correspondente ás entidades que dispoñan dunha aula de Referencia e ás que se lles concedera unha subvención, previa xustificación da actividade subvencionada e informe de conformidade





da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

- Solicitar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.
- Levar o rexistro contable que facilite a axeitada xustificación da subvención e o cumprimento das condicións establecidas. A Fegamp levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio.
- Reintegrar os fondos que proceda no caso de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención.
- Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así coma a revisión da documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determine o desfrute da subvención.
- Xestionar coas entidades locais a solicitude de novas aulas de referencia e a xustificación do gasto subvencionable (Segundo os modelos recollidos nos Anexo 2. Modelo de solicitude das entidades locais para optar á consideración de aula de referencia e Anexo 3. Modelo de xustificación do gasto da subvención).
- Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos pida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. Para a xestión da incorporación ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT

- Asistir e colaborar coa Amtega na recepción e comprobación das solicitudes enmarcadas no Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT. De resultar preciso en virtude da normativa aplicable, a extensión desta colaboración concretarase nunha addenda a este convenio, unha vez definido o procedemento ao que se refire a cláusula terceira.
- Colaborar coa Amtega na difusión e posta en marcha das actividades descritas na cláusula Terceira do presente convenio.





3. Para a xestión da incorporación de novas aulas á Rede CeMIT.

- Colaborar coa Amtega na determinación dos criterios de incorporación de novas aulas atendéndose en todo caso ao Anexo 1 deste documento.
- Colaborar coa Amtega para activar e incentivar a participación das entidades locais.
- Asistir e colaborar coa Amtega na recepción e comprobación das solicitudes de novas aulas CeMIT. De resultar preciso en virtude da normativa aplicable, a extensión desta colaboración concretarase nunha addenda a este convenio, unha vez definido o procedemento ao que se refire a cláusula cuarta

4. Para a xestión global do convenio:

- Desenvolver unha comunicación centralizada coas entidades locais e manter a interlocución coa Amtega en todos os aspectos relacionados coas actuacións de inclusión dixital levadas a cabo polos concellos.
- Colaborar coa Amtega na difusión de iniciativas estratéxicas destinadas a lograr a inclusión e a capacitación dixital de toda a cidadanía, con especial atención aos colectivos máis vulnerables á fenda dixital, e impulsar o talento dixital agregando os recursos necesarios así como na procura de axentes sociais, empresariais e entidades públicas do territorio para realizar actuacións en materia de inclusión e capacitación dixital.
- Informar da obrigatoriedade, por parte de todas as entidades locais que se beneficien das medidas incluídas no Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT, de manter as reformas e o equipamento proporcionado no seno deste convenio durante un prazo mínimo de 5 anos.
- Informar da obrigatoriedade, por parte de todos os/as responsables/axentes TIC das aulas nomeados polas entidades locais, de asinar e enviar ao buzón de correo oficinacemit@xunta.gal o Compromiso persoal de confidencialidade e non revelación de información que figura no Anexo 7 deste Convenio.

Sétima.- Orzamento





A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará ata un importe máximo de 1.000 € durante o ano 2022 para cubrir parte dos gastos incorridos nas actuacións preparatorias por parte da Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha das liñas de acción contempladas no Convenio, asumindo a Fegamp o resto de gastos derivados de devandito labor.

A estes efectos a Fegamp debera acompañar xustificación dos gastos nos que incurra na execución das actuacións anteditas.

Adicionalmente, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, as actuacións que en materia de inclusión e talento dixital realicen as entidades locais con aulas de referencia ata un importe máximo de OITOCENTOS TRECE MIL EUROS (813.000,00 €) anuais con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o período de 2023 a 2025.

A partir do ano 2023, a Amtega transferirá trimestralmente á Federación Galega de Municipios e Provincias a cantidade que proporcionalmente corresponda a un trimestre das subvencións anuais concedidas mediante resolución da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. A transferencia desta cantidade realizarase con relación ao primeiro trimestre do ano nos quince días seguintes á sinatura deste Convenio e con relación aos seguintes trimestres do ano dentro dos primeiros quince días de cada trimestre.

O financiamento por parte da Amtega ás entidades locais para o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital realicen nas aulas de referencia da Rede CeMIT será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

En todo caso, a Fegamp actuará en nome e por conta da Amtega na xestión destas subvencións, participando na entrega, distribución e xustificación dos fondos públicos.



Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio. A súa achega será entregada en concepto de depósito e será obxecto de contabilidade separada.

A FEGAMP estará exenta da constitución de garantía para asegurar as cantidades que se lle transfiran para a distribución de fondos entre as entidades locais previa autorización do Consello da Xunta, de acordo co artigo 72.2 do Decreto 11/2009.

O resto dos servizos que son obxecto deste convenio non comporta obrigas económicas para as partes asinantes.

Octava.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por un período máximo de catro anos adicionais, previo acordo expreso das partes asinantes.

Trala súa sinatura polas partes, as entidades locais disporán dun prazo de 3 meses para presentar a súa adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT.

Novena.- Réxime transitorio

De xeito transitorio, para a consideración de aula de referencia no ano 2023, todas as entidades locais que teñan unha aula CeMIT considerada de referencia e soliciten a súa adhesión ao Plan obxecto deste convenio, serán avaliados de conformidade cos criterios empregados no anterior Convenio e a III Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión da subvención e para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da administración local.

Pola súa parte, as entidades locais que contén cunha aula CeMIT non considerada de referencia e soliciten a súa adhesión ao Plan obxecto deste convenio manterán en 2023 o seu estatus.





No caso das entidades locais que non se adhiran a este Plan, manterán en 2022 de forma transitoria o seu estatus de aula CeMIT (coa consideración de aula de referencia ou non, segundo corresponda) e no caso das aulas de referencia perderán esta condición no ano 2023. Todas elas manterán de oficio a súa condición de aulas CeMIT pero, ao non asinar a adhesión, non contarán cos beneficios do Plan detallados neste convenio.

En resumo, a partir do 1 de decembro de 2022 será a data na que se inicie a análise do cumprimento dos niveis de actividade detallados na cláusula 2, apartado 1 deste Convenio para poder optar á consideración de aula de referencia no ano 2024.

No caso das entidades locais que entren a formar parte da Rede posteriormente ao 1 de decembro de 2022, os niveis de actividade esixidos mediranse proporcionalmente á data efectiva de incorporación.

Décima.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas. Exercerá como Secretario da



Comisión de Seguimento un dos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

En todo caso corresponderán á Amtega as prerrogativas propias da normativa de subvencións tanto con relación ás entidades locais como coa entidade colaboradora.

Décimo primeira.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e nos portais oficiais das Entidades locais adheridas.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo segunda.- Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio poderá extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou resolverase polo incumprimento total ou parcial





dalgunha das cláusulas que o regulan. Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido ou por inexistencia ou ausencia do obxecto.

- b) Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.

- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente convenio.

- d) Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

- e) Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga.

Décimo terceira.- Desenvolvemento e modificación

O presente Convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



Décimo cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Décimo quinta.- Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais das persoas asinantes deste Convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos dos asinantes é o cumprimento dunha misión de interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

2. Tratamento de datos persoais no marco das actuacións de verificación previstas no Convenio





A base lexitimadora para o tratamento dos datos persoais que poidan ser facilitados para o adecuado seguimento do Convenio e a xustificación dos correspondentes gastos relativos ás actuacións que constitúen o obxecto do convenio, será o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha obrigaón legal, fundamentadas ambas no disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento segundo se explicita en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Contacto Delegado/a de Protección de Datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As entidades beneficiarias obríganse a informar ás persoas interesadas, e previamente a facilitar os seus datos á Amtega dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

3. Deber de confidencialidade das partes

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas nel;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non





teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

4. Encargo do tratamento

Respecto do tratamento de datos persoais, as entidades adheridas ao convenio ostentarán a condición de encargado do tratamento dos datos persoais dos que sexa responsable a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). A continuación defínense, de conformidade co disposto no artigo 28 do RXPd e demais normativa en materia de protección de datos persoais que resulte de aplicación, as condicións conforme ás que o encargado do tratamento, baixo as instrucións do responsable, levará a cabo o tratamento dos datos persoais necesarios para a adecuada execución das prestacións acordadas.

Os servizos prestados polas entidades axustáranse ao contido descrito na cláusula primeira obxecto do presente Convenio e poderán abranguer as seguintes operacións de tratamento de datos persoais: recollida, organización, modificación, consulta, comunicación ou difusión, cotexo, rexistro, conservación, utilización e supresión.

4.1) Identificación da información afectada

Para a execución dos servizos derivados do cumprimento do obxecto deste encargo, o responsable do tratamento poñerá a disposición ou permitirá o acceso por parte da entidade encargada do tratamento, os datos persoais das persoas afectadas necesarios para a execución das obrigas sinaladas neste Convenio.

4.2) Obrigas do encargado do tratamentos

O encargado do tratamento deberá cumprir coas obrigas recollidas a continuación, esixindo o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo:

4.2.a) Tratar por conta do responsable os datos persoais necesarios para levar a cabo a adecuadamente a prestación do servizo obxecto do convenio.

4.2.b) Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, só para os efectos desta orde. En ningún caso poderá utilizar os datos para os seus fins, sendo considerado neste caso como responsable do tratamento.

4.2.c) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.





4.2.d) Levar por escrito, se é o caso segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento realizadas por conta do responsable, incluíndo o contido previsto no dito artigo.

4.2.e) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos.

Sen prexuízo do anterior, no caso de que o encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos nos que interveña o tratamento de datos persoais, deberá comunicalo previamente por escrito ao responsable do tratamento, indicando os tratamentos que están implicados e pretende subcontratar, identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá realizarse unha vez autorizada polo responsable do tratamento.

Neste último caso, o subencargado do tratamento, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, estará tamén obrigado ao cumprimento das obrigas establecidas neste convenio para o encargado do tratamento inicial e das instrucións ditadas polo responsable. Correspóndelle ao encargado do tratamento inicial, polo tanto, regular a nova relación para que o novo encargado estea sometido ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...), co mesmo réxime de responsabilidade e con os mesmos requisitos formais que o encargado inicial no que se refire ao bo tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do cumprimento das obrigas.

O encargado do tratamento tamén estará obrigado a comunicarlle calquera modificación ao responsable do tratamento na incorporación ou substitución doutros subencargados, dándolle así á persoa responsable a posibilidade de opoñerse a ditos cambios.

4.2.i) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente contrato, aínda que finalice o seu obxecto.

4.2.j) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais comprométese, expresa e por escrito, a respectar a





confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará oportunamente. O encargado manterá a disposición do responsable da documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.

4.2.k) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

4.2.l) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante as medidas técnicas e organizativas oportunas, para que poida cumprir coa súa obriga de atender as citadas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a petición deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas soliciten o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, esta informarlles, por calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>.

4.2.m) Comunicarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos (en diante, AEPD), de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPD.

4.2.n) Apoiar ao responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

4.2.o) Aplicar, se é o caso, as disposicións contidas no R.D. 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.

Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.

Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.





Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

4.2.p) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

4.2.q) Designar un delegado de protección de datos, se é o caso segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicarlle a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

4.2.r) Devolverlle ao responsable, unha vez cumpridos os servizos obxecto do presente convenio, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá a total supresión dos datos existentes, se é o caso, nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do servizo.

Décimo sexta.- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público (artigo 6 do LCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

En todo caso, corresponderán á Amtega as prerrogativas propias da normativa de subvencións tanto con relación ás entidades locais como coa entidade colaboradora.



Décimo sétima.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexerese por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

- Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, que modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

- Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.





- Decreto 123/2021 de 2 de setembro polo que se regula o Marco galego de Competencias Dixitais.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

Décimo oitava. - Resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio.

**O presidente da Federación Galega
de Municipios e Provincias**

**O director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia**

Alberto Varela Paz

Julián Cerviño Iglesia





ANEXO 1. REQUERIMENTOS PARA SOLICITAR UNHA AULA CEMIT

Unha vez se estableza e habilite por parte da Amtega o mecanismo centralizado de solicitude dunha aula CeMIT, as entidades locais interesadas en dispor dun aula na súa localidade, poderán empregar este mecanismo para requirila formalmente sempre que cumpran os seguintes requirimentos:

1. **Xustificante da disposición dun espazo físico para a dotación dunha aula:**
 - a. Espazo singularizado dun mínimo de **60 metros cadrados** e unha **altura de 2,4 m** que conte con ao menos unha **fiestra e luz natural**.
 - b. Localización nun punto **céntrico e de fácil acceso** para a cidadanía.
 - c. Dispoñer de todos os **permisos e licenzas** esixidos para legalizar a posta en marcha operativa da aula e que cumpra coas normas de accesibilidade sen barreiras para persoas de mobilidade reducida.

2. **Declaración responsable cunha serie de compromisos:**
 - a. **Asumir por parte da entidade local o mantemento do espazo físico** da aula, incluíndo os gastos de funcionamento, limpeza e material de oficina e funxible. Dispoñendo dun seguro que cubra tanto o equipamento como as instalacións fronte incendios, inundacións, etc.
 - b. **Prestar servizo á poboación do concello sobre o que solicita a aula CeMIT e indicar a que outros concellos prestaría servizo no caso de estender a súa cobertura** (*sempre que estes non dispoñan dun aula CeMIT existente*).
 - c. **Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.





- d. **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.
- e. **Garantir a posta a disposición da aula**, un mínimo de 10 horas ao mes durante todo o ano, para a realización de actividades formativas vinculadas co Marco Galego de Competencias Dixitais.
- f. **Garantir a posta a disposición da aula así como a presenza dun responsable desta para a realización de probas da certificación galega en competencias dixitais durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano**, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as así como na preparación e supervisión destes exames.
- g. **Apoiar na difusión e visibilidade** das actividades e servizos da aula.
- h. **Nomear e comunicar os datos identificativos do responsable institucional da aula e persoa dinamizadora da mesma e dar aviso de calquera cambio que se produza** (baixas e/ou substitucións temporais, cese do servizo etc.). No caso de novas incorporacións deberán comunicarse os datos identificativos e de contacto e asinar o compromiso persoa de confidencialidade e non revelación de información segundo o Anexo 7.
- i. **Xustificar as causas de forza maior que sobreveñan á aula e imposibiliten a realización de actividades formativas** tales como pandemias, inundacións, obras e reparacións, etc. De ser o caso, estas circunstancias serán examinadas e validadas pola Amtega.
- j. **Manter a reforma efectuada nas instalacións da aula CeMIT, así como o equipamento proporcionado durante un período mínimo de 5 anos.**





- k. **Manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.**
 - l. **No caso de que a entidade local desexe trasladar a aula do seu lugar orixinal deberá informar e contar coa autorización previa da Amtega** asumindo en calquera caso os custos xerais de traslado e montaxe da aula no novo emprazamento. En todo caso deberanse cumprir os requisitos establecidos neste convenio respectando a identidade de aula CeMIT no referente ás cores, sinalética e identificacións gráficas e de imaxe corporativa.
 - m. **No caso de ter pechada a aula ou inactiva por parte da entidade local deberase presentar unha notificación formal acompañada da súa xustificación** ou, no seu caso, do desexo de desestímulo da consideración de aula CeMIT. Nesta circunstancia, procederase á retirada do equipamento informático e material proporcionado pola Amtega. No caso de non xustificación do peche da aula ou do cese da súa actividade, a Amtega requirirá, no prazo que determine, a entrega da devandita documentación.
3. **Xustificante da necesidade de dispor dunha aula no concello/entidade local e entrega da documentación que o avale.**

As entidades locais que cumpran os requirimentos anteriores pasarán a entrar nunha listaxe de espera para a concesión dunha aula CeMIT.

Unha vez ao ano, realizarase unha análise de todas as solicitudes recibidas e establecerase unha orde de prelación en función da puntuación obtida mediante fórmula segundo os seguintes criterios:

1. **A prestación do servizo a outros concellos que non dispoñan de aula CeMIT, garantindo que conte con enlaces de transporte público para as persoas usuarias da aula.** Poderase favorecer a aqueles concellos que proporcionen o servizo a un número maior de poboación e, entre eles, a un número maior de persoas maiores de 65 anos.
2. **Número de horas comprometidas para a apertura e dinamización da aula ao ano.**





3. **Número de horas comprometidas ao ano na posta a disposición da aula e, de maneira opcional e conxunta, de persoal formador para a realización de actividades formativas vinculadas co Marco Galego de Competencias Dixitais.**
4. **Distancia (medida en minutos en vehículo a motor) á que se dispón dunha aula CeMIT de referencia.**
5. **Porcentaxe de poboación que non empregou Internet nos últimos 3 meses na área macrocomarcal á que pertence a entidade local.**

En caso de **empate**, seleccionárase a aula que pertenza á provincia que conte cun menor número de aulas CeMIT e, no caso de pertencer á mesma provincia, prevalecerá a entidade que conte con menos aulas na súa comarca.

No caso de coincidir máis de un concello da mesma comarca, o criterio que prevalecerá será a maior porcentaxe de persoas de mais de 60 anos sobre a poboación total.

As entidades locais que optasen a ter unha aula CeMIT e non a obtivesen pasarán a formar parte dunha **lista de reserva**, na que figurarán por orde segundo a puntuación obtida na baremación descrita neste documento e terán preferencia na concesión do servizo de aula móbil no caso de solicitalo.





ANEXO 2. MODELO DE SOLICITUDE DAS ENTIDADES LOCAIS PARA OPTAR Á CONSIDERACIÓN DE AULA DE REFERENCIA

Don/-a con DNI..... en
calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARA:

Que no marco do Convenio de Colaboración asinado o XX de XXX de 2022 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, e atendendo ao contido da Cláusula Segunda (apartado 1) o concello desolicita optar á consideración de aula CeMIT de referencia, coas consecuencias inherentes a tal condición e en cumprimento dos requirimentos establecidos para tal fin.

(Sinatura e Selo)





ANEXO 3. MODELO DE XUSTIFICACIÓN DO GASTO DA SUBVENCIÓN

- A Amtega, a través da Fegamp, efectuará os pagamentos aos concellos que contan con aula CeMIT de referencia, previa xustificación, conforme ao establecido na Cláusula Segunda do Convenio, no mes seguinte de cada trimestre, coas seguintes contías máximas:
 - 1º Trimestre: Ata un máximo do 25% da cantidade concedida para cada concello.
 - 2º Trimestre: Ata un máximo do 50% da cantidade concedida para cada concello.
 - 3º Trimestre: Ata un máximo do 75% da cantidade concedida para cada concello.
 - 4º Trimestre: Ata un máximo do 100% da cantidade concedida para cada concello.
- A documentación será remitida polos concellos á Federación Galega de Municipios e Provincias a través da **Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR601A, Convenios Rede CeMIT.**
- Os pagamentos aos concellos serán realizados pola Amtega, a través da FEGAMP, previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Unha vez concedida a condición de resolución de aula de referencia e sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, os **gastos subvencionables** serán aqueles que **de xeito indubitado** respondan á natureza da actividade subvencionada, ou sexa os relacionados coa dinamización da aula, a alfabetización dixital e formación avanzada, e se realicen dentro do prazo de vixencia do Convenio. O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.
- Será requisito para a obtención da subvención que as entidades locais cumprisen co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, así como as restantes obrigas previstas no convenio.
- Os Modelos de xustificación teñen carácter orientativo. En todo caso, as xustificacións achegadas polos concellos deben adecuarse ao disposto no devandito Convenio.





DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A XUSTIFICACIÓN FINAL

- Solicitude de pagamento (Modelo I)
- Certificación Secretaría / intervención da entidade local (Modelos II, III)
- Declaracións responsables (Modelo IV)
- Compromiso expreso de que se achegará a documentación xustificativa relativa ao gasto comprometido, unha vez concedida a consideración de resolución de aula de referencia e sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, sen recoñecemento de obriga que conste no modelo II, se fose o caso.
- Declaración de titularidade da conta bancaria se non o tivesen remitido con anterioridade.





MODELO I.- SOLICITUDE DE PAGAMENTO

Don/-a con DNI..... en calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARA:

Que no marco do Convenio de Colaboración asinado o xxx de xxx de 2022 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, a entidade de resultou beneficiario dunha subvención por importe de €.

Atendendo ao contido na Cláusula Segunda do devandito Convenio.

SOLICITA:

Que se tramite o pagamento correspondente ao*

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE	4º TRIMESTRE
-----------------	-----------------	-----------------	-----------------

do ano 202X, segundo á documentación xustificativa que se achega con esta solicitude.

(Sinatura e selo)





MODELO II

Don/-a.....con DNI..... en calidade de Secretario/-a do concello de.....

CERTIFICO:

- Que o gasto realizado para o desenvolvemento das actividades previstas no Convenio de Colaboración asinado o xxx de xxx de 2022 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 no período do ao **de 202X** ten o seguinte desglose:

TÁBOA 1.- GASTO CON RECOÑECIMENTO DA OBRIGA NO PERÍODO QUE SE XUSTIFICA

Identificación do acredor	Nº Factura ou documento equivalente (Nómina, SS,)	Importe imputado	Concepto	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga(1)	Porcentaxe imputada (2)

(1) Gasto realizado con data recoñecemento da obriga no período que se xustifica.

(2) Porcentaxe que representa o importe imputado sobre o total da nómina, seguridade social ou factura.

TÁBOA 2.- GASTO COMPROMETIDO SEN RECOÑECIMENTO DA OBRIGA NO PERÍODO QUE SE XUSTIFICA

Identificación do acredor	Nº Factura ou documento equivalente (Nómina, SS,)	Importe imputado	Concepto	Porcentaxe imputada (1)





(1) Porcentaxe que representa o importe imputado sobre o total da nómina, seguridade social ou factura.

- Que o **gasto realizado con recoñecemento de obriga (Táboa 1)** no período do..... ao de 202X ascende á cantidade de euros.
- Que o **gasto comprometido sen recoñecemento da obriga (Táboa 2) na data na que se emite esta xustificación** e correspondente ao período do ao de 202X, ascende á cantidade de euros.
- Que o gasto realizado foi destinado ao desenvolvemento do plan de inclusión dixital no concello de , polo que se acredita o cumprimento da súa finalidade.

E para que conste, asino a presente certificación en..... a de de 202X.

O Secretario/-a

(Sinatura e selo)

VºB Alcalde/-a

(Sinatura e selo)





MODELO III. CERTIFICADO INTERVENCION ENTIDADE LOCAL

Don/-a.....con DNI..... en calidade de
Interventor/a do concello de.....

CERTIFICO:

Que no desenvolvemento das actividades previstas no Convenio de Colaboración asinado o xxx de xxx de 2022 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 **no período do ao de 202X**, contabilizouse o recoñecemento da obriga do gasto xustificado, que foi empregado para a finalidade para o que foi concedido.

E para que conste, asino a presente certificación en, a
de de 202X.

O/-A Interventor/a
Alcalde/-sa

Vº B

Sinatura e selo





MODELO IV.- DECLARACION RESPONSABLE

Don/-a con DNI..... en calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARO:

Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o concello se compromete ao cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 31.7 desa mesma Lei.

Que ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado o xxx de xxx de 2022 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 no período **do ao de 202X**, a entidade local:

NON ten solicitado outras subvencións, axudas ou recursos que financien a mesma actividade distinta á concedida.

SI presentou solicitude doutras subvencións, axudas ou recursos que financien a mesma actividade, pero non foron concedidas ata o día da data.

SI obtivo outras subvencións, axudas ou recursos que financian a mesma actividade distinta á concedida (especificar)

Que o concello se compromete a someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou a FEGAMP, para o que achegará toda a documentación que se lle requira en relación coa realización das actuacións obxecto do devandito Convenio, e calquera outra que se estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

E para que conste, asino a presente en a de de 202X.

(Sinatura e selo)





ANEXO 4. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE CONTAN CON AULA CEMIT CONSIDERADA DE REFERENCIA.

Este documento recolle as medidas que deberán cumprir as aulas CeMIT coa consideración de referencia que desexen adherirse ao **Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.**

- ⇒ No referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico, as entidades locais deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificados a través da achega da documentación pertinente:
 - Compromiso de efectuar as xestións necesarias para emprender a reforma solicitada tales como (*expedición de licenzas de obra, permisos de acceso e execución, etc*).
 - Informe técnico do espazo reservado para aula que acredite que cumpre os seguintes requisitos:
 - Que estea situada nun edificio de fácil acceso incluíndo adaptacións para persoas con algún tipo de minusvalía.
 - Unha aula de 40 m² ou máis e que conte cunha parede de canto menos 6 metros de longo.
 - Unha altura nos teitos de máis de 2,4 metros.
 - Sistema de ventilación e fiestras cara ó exterior.
- ⇒ No referente ao servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía, as entidades locais deberán comprometerse a que os seus dinamizadores/as reciban a formación en competencias dixitais proporcionada pola Amtega e que unha parte importante das actividades realizadas na aula se destinen á formación neste ámbito.
- ⇒ No referente ao servizo de aula móbil, as entidades locais deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificados a través da achega da documentación pertinente:
 - Compromiso de facilitar a licenza de actividade da aula móbil.





- Compromiso da promoción e captación de alumnado participante.
- Adicionalmente, quedarán supeditadas as solicitudes deste servizo a súa dispoñibilidade tralas solicitudes efectuadas polas restantes entidades locais.

⇒ Compromisos xerais. As entidades locais deberán comprometerse a:

- **Asumir o mantemento do espazo físico** da aula, incluíndo os gastos de funcionamento, limpeza e material de oficina e funxible, dispoñendo dun seguro que cubra tanto o equipamento como as instalacións fronte incendios, inundacións, etc.
- **Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, segundo o establecido na cláusula segunda apartado primeiro para manter a consideración de aula de referencia.
- **Garantir a posta a disposición da aula así como a presenza dun responsable desta para a realización de probas da certificación galega en competencias dixitais durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano**, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as así como na preparación e supervisión destes exames.
- **Apoiar na difusión e visibilidade** das actividades e servizos da aula.
- **Nomear e comunicar os datos identificativos do responsable institucional da aula e persoa dinamizadora da mesma e dar aviso de calquera cambio que se produza** (baixas e/ou substitucións temporais ou non, cese do servizo, etc.). No caso de novas incorporacións deberán comunicarse os datos identificativos e de contacto e asinar o compromiso persoa de





confidencialidade e non revelación de información segundo o Anexo 7.

- **Xustificar as causas de forza maior que sobreveñan á aula e imposibiliten a realización de actividades formativas** tales como pandemias, inundacións, obras e reparacións, etc. De ser o caso, estas circunstancias serán examinadas e validadas pola Amtega.
- **Manter a reforma efectuada nas instalacións da aula CeMIT, así como o equipamento proporcionado durante un período mínimo de 5 anos.**
- **Manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.**
- **No caso de que a entidade local desexe trasladar a aula do seu lugar orixinal deberá informar e contar coa autorización previa da Amtega** asumindo en calquera caso os custos xerais de traslado e montaxe da aula no novo emprazamento. En todo caso deberanse cumprir os requisitos establecidos neste convenio respectando a identidade de aula CeMIT no referente ás cores, sinalética e identificacións gráficas e de imaxe corporativa.
- **No caso de ter pechada a aula ou inactiva por parte da entidade local deberase presentar unha notificación formal acompañada da súa xustificación** ou, no seu caso, do desexo de desestimento da consideración de aula CeMIT. Nesta circunstancia, procederase á retirada do equipamento informático e material proporcionado pola Amtega. No caso de non xustificación do peche da aula ou do cese da súa actividade, a Amtega requirirá, no prazo que determine, a entrega da devandita documentación.

A documentación será remitida polas entidades locais á Federación Galega de Municipios e Provincias a través da **Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR601A, Convenios Rede CeMIT**, nun prazo de 3 meses desde a sinatura do presente convenio. No caso de non ter remitida esta solicitude de adhesión ao Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT, a aula manterá a súa consideración de aula de referencia durante o ano 2022 pero perderá dita condición a partir do ano 2023 quedando como aula CeMIT sen dereito aos beneficios deste novo Plan A Amtega notificará





formalmente esta perda de condición de aula de referencia.O seguinte modelo ten carácter orientativo. En todo caso, a documentación achegada polas entidades locais deberá adecuarse ao establecido no devandito convenio.





MODELO. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE CONTEN CON AULA CEMIT DE REFERENCIA

Don/-a con DNI..... en
calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARA:

Que no marco do Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, atendendo á Cláusula Terceira, a entidade autoriza a adhesión da aula situada en en cumprimento dos requirimentos establecidos para tal fin no Anexo 4.

(Sinatura e selo)





ANEXO 5. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE CONTEN CON AULA CEMIT (NON CONSIDERADA DE REFERENCIA).

Este documento recolle as medidas que deberán cumprir as aulas CeMIT que desexen adherirse ao **Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.**

- ⇒ No referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico, as entidades locais deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificados a través da achega da documentación pertinente:
 - Compromiso de efectuar as xestións necesarias para emprender a reforma solicitada tales como (*expedición de licenzas de obra, permisos de acceso e execución, etc*).
 - Informe técnico do espazo reservado para aula que acredite que cumpre os seguintes requisitos:
 - Que estea situada nun edificio de fácil acceso incluíndo adaptacións para persoas con algún tipo de minusvalía.
 - Unha aula de 40 m² ou máis e que conte cunha parede de canto menos 6 metros de longo.
 - Unha altura nos teitos de máis de 2,4 metros.
 - Sistema de ventilación e fiestras cara ó exterior.
- ⇒ No referente ao servizo de apoio á formación e capacitación dixital da cidadanía, as entidades locais deberán comprometerse a que no caso de contar con dinamizadores/as, estes reciban a formación en competencias dixitais e a poñer a súa aula CeMIT a disposición da Amtega para a realización dun mínimo de 10 horas ao mes de actividades formativas neste ámbito, para a súa posterior acreditación.
- ⇒ No referente ao servizo de aula móbil, as entidades locais deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificados a través da achega da documentación pertinente:
 - Compromiso de facilitar a licenza de actividade da aula móbil.
 - Compromiso da promoción e captación de alumnado participante.





- ⇒ Compromisos xerais. As entidades locais deberán comprometerse a:
- **Asumir o mantemento do espazo físico** da aula, incluíndo os gastos de funcionamento, limpeza e material de oficina e funxible, dispoñendo dun seguro que cubra tanto o equipamento como as instalacións fronte incendios, inundacións, etc.
 - **Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
 - **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.
 - **Garantir a posta a disposición da aula**, un mínimo de 10 horas ao mes durante todo o ano, para a realización de actividades formativas vinculadas co Marco Galego de Competencias Dixitais.
 - **Garantir a posta a disposición da aula así como a presenza dun responsable desta para a realización de probas da certificación galega en competencias dixitais durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano**, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as así como na preparación e supervisión destes exames.
 - **Apoiar na difusión e visibilidade** das actividades e servizos da aula.
 - **Nomear e comunicar os datos identificativos do responsable institucional da aula e persoa dinamizadora da mesma e dar aviso de calquera cambio que se produza** (baixas e/ou substitucións temporais ou non, cese do servizo, etc.). No caso de novas incorporacións deberán comunicarse os datos identificativos e de contacto e asinar o compromiso persoa de





confidencialidade e non revelación de información segundo o Anexo 7.

- **Xustificar as causas de forza maior que sobreveñan á aula e imposibiliten a realización de actividades formativas** tales como pandemias, inundacións, obras e reparacións, etc. De ser o caso, estas circunstancias serán examinadas e validadas pola Amtega.
- **Manter a reforma efectuada nas instalacións da aula CeMIT, así como o equipamento proporcionado durante un período mínimo de 5 anos.**
- **Manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.**
- **No caso de que a entidade local desexe trasladar a aula do seu lugar orixinal deberá informar e contar coa autorización previa da Amtega** asumindo en calquera caso os custos xerais de traslado e montaxe da aula no novo emprazamento. En todo caso deberanse cumprir os requisitos establecidos neste convenio respectando a identidade de aula CeMIT no referente ás cores, sinalética e identificacións gráficas e de imaxe corporativa.
- **No caso de ter pechada a aula ou inactiva por parte da entidade local deberase presentar unha notificación formal acompañada da súa xustificación** ou, no seu caso, do desexo de desestímulo da consideración de aula CeMIT. Nesta circunstancia, procederase á retirada do equipamento informático e material proporcionado pola Amtega. No caso de non xustificación do peche da aula ou do cese da súa actividade, a Amtega requirirá, no prazo que determine, a entrega da devandita documentación.

A documentación será remitida polas entidades locais á Federación Galega de Municipios e Provincias a través da **Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR601A, Convenios Rede CeMIT**, nun prazo de 3 meses desde a sinatura do presente convenio. No caso de non ter remitida esta solicitude de adhesión ao Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT,





a aula permanecerá como aula CeMIT, pero sen dereito aos beneficios deste novo plan.

O seguinte modelo ten carácter orientativo. En todo caso, a documentación achegada polos concellos deberá adecuarse ao establecido no devandito convenio.





**MODELO. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE
CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE CONTEN CON AULA CEMIT (NON
CONSIDERADA DE REFERENCIA).**

Don/-a con DNI..... en
calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARA:

Que no marco do Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, atendendo á Cláusula Terceira, a entidade autoriza a adhesión da aula situada en en cumprimento dos requirimentos establecidos para tal fin no Anexo 5.

(Sinatura e selo)





ANEXO 6. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE NON CONTAN CON AULA CEMIT.

As entidades locais que non dispoñan dunha aula CeMIT, poderán xestionar a adhesión á Rede CeMIT por medio dun procedemento de selección por concorrencia competitiva onde poderán consultarse tanto os criterios establecidos como os compromisos de obrigado cumprimento establecidos para tal fin.

Adicionalmente, as entidades locais que non contan con aula CeMIT poderán adherirse ao **Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025**, no referente ao servizo de aula móbil.

As entidades locais interesadas deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificados a través da achega da documentación pertinente:

- Compromiso de facilitar a licenza de actividade da aula móbil.
- Compromiso da promoción e captación de alumnado participante.
- Compromiso de manter e dar visibilidade ás medidas de información e comunicación (carteis informativos, placas, logos...) relativas ao financiamento do Plan mediante fondos europeos.
- Adicionalmente, contarán con preferencia á hora de solicitar este servizo sempre e cando se atopen en listaxe de reserva por non poder optar a ser aula CeMIT pese a telo solicitado.

A documentación será remitida polos concellos á Federación Galega de Municipios e Provincias a través da **Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR601A, Convenios Rede CeMIT**.

O seguinte modelo ten carácter orientativo. En todo caso, a documentación achegada polos concellos deberá adecuarse ao establecido no devandito convenio.





MODELO. ADHESIÓN AO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE CEMIT DAS ENTIDADES LOCAIS QUE NON CONTEN CON AULA CEMIT

Don/-a con DNI..... en
calidade de Alcalde/-sa do concello de

DECLARA:

Que no marco do Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025, atendendo á Cláusula Terceira, a entidade solicita o servizo de aula móbil, poñendo a disposición o emprazamento de en cumprimento dos requirimentos establecidos para tal fin no Anexo 6.

(Sinatura e selo)





ANEXO 7. MODELO. COMPROMISO PERSOAL DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN

Eu _____, con NIF _____, de _____, comprométome a gardar estrita confidencialidade no relativo á información á que poida ter acceso realizando actividades relacionadas coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), no marco das actividades derivadas da execución do Convenio de colaboración entre a Amtega e a Fegamp para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT, cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

En particular, comprométome a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que puidera coñecer con motivo do desenvolvemento das citadas accións, e que empregarei cos fins exclusivos de xestión para os que sexa autorizado. No caso de acceder a sistemas de información da Xunta de Galicia fágome responsable dos accesos que se realicen a ficheiros mediante o meu contrasinal persoal, e comprometéndome á devolución de calquera soporte ou medio telemático proporcionado pola Amtega.

Así mesmo, comprométome a cumprir en todo momento as seguintes normas:

- As Políticas de Seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- O Decreto 230/2008 polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- A restante normativa de desenvolvemento.

O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á esixencia de responsabilidades administrativas ou de calquera outra natureza.

Información básica sobre protección de datos persoais: os seus datos serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia - Amtega, para xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base leximadora é a necesidade de tratar os datos para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha obrigación legal, fundamentadas ambas no disposto na Lei 9/2007, do





13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Non se preven comunicación a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

